

Malia que intenten vendernos que a estafa, que chamaron crise, remitiu, que a economía vai ben e de querer instaurar unha normalidade social inexistente, a realidade é moi diferente.

Foi a clase traballadora a que pagou as consecuencias desa estafa, a que sofre a precariedade laboral, a que ve perigar as pensións presentes e futuras, a que é desafiuzada das súas vivendas, a que padece os recortes na sanidade, na educación, nos servizos públicos en xeral.

Non podemos admitir que se normalice e se consoliden esas consecuencias das nefastas políticas capitalistas, austericidas e pensadas para salvar aos poderes económicos dos resultados das súas propias decisións voraces e insaciabes de acumulación de poder e diñeiro.

Por iso é imprescindible a mobilización do conxunto da sociedade e moi fundamentalmente das traballadoras e traballadores, das pensionistas, das estudantes, das persoas desempregadas.

Os sindicatos convocantes de Galicia contrarios ao pactismo puxémonos de acordo para impulsar esa mobilización, porque consideramos que é hora de dicir basta a tanto despropósito, porque só desde a loita na rúa poderemos conseguir poñer na axenda política os obxectivos da clase traballadora e só desde a loita na rúa poderemos reconducir a actual desproporción no reparto das condicións de vida.

Así, o 30 de xaneiro iniciaremos un período de mobilizacións por toda Galicia, con manifestacións en Vigo, Compostela e A Coruña co obxectivo de esixir a derogación dos recortes nas pensións das reformas de 2011 e 2013, retornando á xubilación ordinaria aos 65 anos, á xubilación anticipada aos 61 anos con 30 anos de cotización, reducindo as penalizacións, eliminando o factor de sustentabilidade, garantindo a revalorización das pensións polo menos co IPC e establecendo unha pensión mínima de 1080 euros, entre outras medidas que as pensionistas están reivindicando con forza en Galicia e no conxunto do Estado.

Así mesmo, para esixir a derogación das reformas laborais que só trouxeron precariedade e incerteza para as traballadoras e os traballadores, introducindo garantías na contratación, na xustiza salarial, na estabilidade no emprego, no respecto á dignidade das condicións de traballo.

Hai que acabar coa fenda salarial e de pensións entre homes e mulleres, establecer un Salario Mínimo Interprofesional de 1.200 euros mensuais, reducir a semana laboral a 35 horas sen redución de salario, eliminar as xornadas parciais impostas especialmente ás mulleres e garantir o dereito á subrogación no emprego subcontratado.

Hai que revertir todos os recortes dos últimos anos e conquistar novos dereitos para a clase traballadora, pensionista e estudante, garantindo a non discriminación contractual en función do sexo, lugar de orixe, ideoloxía, identidade sexual, diversidade funcional ou actividade económica, potenciando os servizos públicos, establecendo as medidas de control e sancións necesarias para evitar os accidentes laborais e as enfermidades profesionais, asegurando o acceso a unha vivenda digna e establecendo as medidas necesarias para impedir os desafiuzamento sen alternativa habitacional e garantindo unha vida digna a todas as persoas co establecemento dun sistema de renda mínima garantida do nivel do SMI.

É urxente reconducir as continuas agresións ao ensino público, eliminando os concertos co ensino privado, incrementando o persoal de docentes no ensino público desde a estabilidade laboral. É urxente tamén reconducir as políticas de sanidade, dotando aos centros de saúde e aos hospitais do persoal necesario, sanitario e de servizos, para garantir un servizo de calidade, que elimine as listas de espera, que asegure a atención inmediata e a proximidade na atención, empezando por paralizar a pechadura do paritorio do Hospital de Verín.

Tamén nos mobilizamos para esixir a ruptura do actual estado de discriminación cara a Galicia, en materia de infraestruturas, de investimentos, de políticas industriais, de servizos sociais, de atención ao mundo rural.

É necesario eliminar as peaxes das autopistas galegas, renovar a rede ferroviaria galega, electrificando cada Km de vía, instalando sistemas de seguridade de primeiro nivel, aumentando os servizos nos pequenos núcleos e adaptando os horarios ás necesidades da poboación.

É imprescindible dignificar a tarefa do traballo no mar, das persoas da pesca, do marisqueo, da estiba, do transporte marítimo de persoas e mercadorías, con políticas de apoio a esta actividade e co recoñecemento profesional, social e salarial que se merecen.

Desde o movemento sindical non pactista de Galicia, facemos un chamamento ao conxunto da sociedade galega para que se una á ola de reivindicación que queremos poñer en marcha, empezando pola participación nas Manifestacións convocadas para o próximo día 30 de xaneiro de 2020.